

ACTA DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN 25 DE MARZO DE 2022

O día 25 de marzo do 2022, as 13,00 horas, reúnese a Comisión de Avaliación integrada por D^a María José Castro Carballal, D. Emilio López Agra e D. Juan Neiro Pulleiro, segundo o establecido na base 7^a da resolución da valedora, do 15 de novembro do 2021, pola que se convoca o concurso de méritos para a provisión de dúas prazas vacantes do corpo auxiliar nesta institución, , ca seguinte orde do día:

Único: Valoración da documentación aportada polos dous primeiros participantes da relación de puntuacións definitivas.

A comisión de valoración comeza a revisión da documentación aportada polos concursantes que figuran nos dous primeiros postos da puntuación definitiva.

Polo demais, a Comisión toma os seguintes acordos:

A) Respecto da base 3.2.c “cursos sobre calquera temática relacionada coa actividade da institución do Valedor do Pobo. ...” esta comisión acorda que neste apartado valoraranse os cursos relacionados cos dereitos humanos, dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como sobre a tramitación de expedientes de queixas no Defensor del Pueblo ou Comisionados Autonómicos.

B) Respecto da base 3.2.d “cursos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados ca actividade da institución do Valedor do Pobo.” acórdase valorar con cero puntos os cursos que figuren neste apartado, debido a que non se realizaron ata a data, cursos específicos sobre aplicacións e programas informáticos relacionados coa actividade propia da Institución, motivo polo cal non se detallaron previamente.

Levántase a sesión sendo as 14:30 horas do día e lugar arriba indicados.



María José Castro Carballal



Emilio López Agra



Juan Neiro Pulleiro

